



---

R1-MC05 P1

Medición da satisfacción dos grupos de interese

---

# Informe de resultados de satisfacción propios do centro

## Curso 2021/22

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 19/10/2022

Vigo, a 19 de outubro de 2022

Guillermo García Lomba  
Coordinador de Calidade

## 1 Introducción

Na sesión da Comisión de Calidade celebrada o 30/10/2020 aprobouse unha nova Política e obxectivos de calidade do centro (Anexo 4 do Manual de Calidade) na que se incorporou un novo obxectivo ligado á valoración da organización e desenvolvemento das materias TFG e TFM, das cales non se tiña ningún tipo de *feedback* por parte do alumnado. Na seguinte sesión, celebrada o 16/12/2020, aprobouse a inclusión dun novo indicador, específico do centro, no Panel de indicadores (registro R1-DE02 P1). Trátase do indicador *I07(2)-DO Valoración agregada da organización e desenvolvemento das materias TGF e TFM*, que requiriría a introdución dalgunha pregunta relativa a este tema nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou, se non fora posible, a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05). Este novo indicador ten a súa orixe na acción de mellora M40, declarada no Informe de Revisión pola Dirección do curso 17/18 para paliar a ausencia de información sobre a valoración por parte do alumnado do desenvolvemento do TFM e esténdese ao TFG.

Tras varias conversas coa Área de Calidade da Universidade de Vigo, decídese optar pola segunda opción e se procede a deseñar unha enquisa propia para o centro, xestionada dende a Área de Calidade, que iría dirixida ás persoas egresadas das 3 titulacións impartidas e focalizada no novo indicador *I07(2)-DO*.

En xuño de 2021 a Área de Calidade achega unha primeira proposta de enquisa. Entre xuño e setembro fanse sucesivas revisións do deseño da mesma e tómase a decisión de efectualala no terceiro trimestre do ano coa poboación das persoas egresadas nos últimos 3 cursos (20/21, 19/20 e 18/19) dos graos e do máster impartidos no centro.

A mediados de outubro 2021 faise unha revisión final do deseño da enquisa, confírmase a poboación da mesma e defínense as desagregacións de interese para a extracción de resultados.

A enquisa lánzase finalmente o 27 de outubro de 2021, enviándose a 146 persoas egresadas e cun prazo inicial de realización ata o 26 novembro de 2021. Posteriormente ampliouse o prazo de resposta ata o 16 de decembro de 2021. Cabe indicar que 8 persoas egresadas declinaron participar polo que a poboación efectiva da enquisa foi de 138.

A primeiros de marzo de 2022 a Área de Calidade achega un arquivo excel cos resultados acadados. A súa análise levouse a cabo no marco do Informe de Revisión



pola Dirección (IRPD) do curso 20/21 e, en consecuencia, deuse por pechada a Acción de Mellora M40.

## 2 Ficha técnica do proceso

Grupo/s de interese aos que vai destinada a enquisa ou o proceso de medición de satisfacción	Persoas egresadas nos últimos 3 cursos (20/21, 19/20 e 18/19) dos graos e do máster impartidos no centro
Aspecto/cuestión que se somete a avaliación da satisfacción	Indicador <i>I07(2)-DO Valoración da organización e desenvolvemento das materias TGF e TFM</i>
Responsable da actividade	Área de Calidade da Universidade de Vigo
Período de recollida de datos	27 de outubro – 16 de decembro
Técnica de recollida de datos	Cuestionario xestionado a través da plataforma <i>Lime Survey</i> . O proceso de obtención de datos foi coordinado dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo.

### Obxectivos da avaliación

Coñecer a valoración das materias TGF e TFM por parte das persoas egresadas do centro tanto en relación a súa organización como ao seu desenvolvemento

### Datos técnicos

#### Poboación

Persoas egresadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE), do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME) e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM) nos cursos 2020/2021, 2019/2020 e 2018/2019

#### Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)

Non se realizou selección de participantes. A mostra coincide co total da poboación obxecto da enquisa

#### Tamaño da mostra (número de persoas entrevistadas ou número de participantes)

Enquisa achegada a 146 persoas, das que 8 declinaron participar; polo tanto se considera unha poboación efectiva foi de 138 persoas dos que participaron 46

#### Metodoloxía, técnica ou modelo para a recollida de datos

Cuestionario xestionado a través da plataforma *Lime Survey*:

## Universidade de Vigo

Área de Calidade

### Enquisa de satisfacción do Alumnado sobre o desenvolvemento do TFG/TFM na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Poboación:	Alumnado egresado das titulacións oficiais da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulacións	V09G290V01: Grao en Enxeñaría da Enerxía V09G310V01: Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos V09M140V01: Máster Universitario en Enxeñaría de Minas V09M180V01: Máster Universitario en Xeoinformática
Cursos	2018-19 2019-20 2020-21
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)

	Cuestións	Respostas
1	Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición do TFG/TFM e criterios de avaliación e cualificación)?	De 1 a 5
2	No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara.	Resposta aberta
3	O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG/TFM?	De 1 a 5

27 de Outubro a 16 de Decembro de 2021

## 3 Cuestionario, guión ou ferramenta empregada

Cuestionario de 3 preguntas:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición do TFG/TFM e criterios de avaliación e cualificación)? (Valoración de 1 a 5)*
- *Ítem 2. No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara. (resposta aberta)*
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG/TFM?(Valoración de 1 a 5)*

## 4 Resultados, análise e conclusións

No marco do Informe de Revisión pola Dirección 20/21 levouse a cabo a análise dos resultados acadados na enquisa. Indícanse a continuación os máis relevantes.

Para o **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME)** a participación foi do 37% de media (33% do curso 18/19, 22% do 19/20 e 63% do 20/21). A valoración das preguntas foi a seguinte:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición e criterios de avaliación e cualificación)?* Valoración 3.38 sobre 5 (3.67 no curso 18/19, 3.50 no 19/20 e 3.00 no 20/21).
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG?* Valoración 4.31 sobre 5 (3.67 no curso 18/19, 5.00 no 19/20 e 4.80 no 20/21).

Con carácter xeral considérase que a valoración é boa. No obstante cabe traballar co obxectivo de mellorar a valoración do ítem 1, valorando habilitar mais canles de información ao estudantado.

Para o **Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE)** a participación foi do 34% (31% do curso 18/19, 24% do 19/20 e 46% do 20/21). A valoración das preguntas foi a seguinte:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición e criterios de avaliación e cualificación)?* Valoración 3.64 sobre 5 (3.89 no curso 18/19, 2.60 no 19/20 e 3.91 no 20/21).
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG?* Valoración 3.32 sobre 5 (3.44 no curso 18/19, 2.60 no 19/20 e 3.55 no 20/21).

Con carácter xeral considérase que a valoración é boa en relación ao primeiro epígrafe, aínda que se sinala como obxectivo mellorar esta valoración habilitando mais canles de información. Cabe indicar que o procedemento é o mesmo para o estudantado do GERME que do GEE, polo que é razoable que a valoración sexa similar. En relación ao segundo cabe indicar que se fará un seguimento do valor do indicador, para tratar de identificar si se trata dunha valoración circunstancial ou se mantén no tempo.

Para o **Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM)** a participación foi do 28% (43% do curso 18/19, 22% do 19/20 e 23% do 20/21). A valoración das preguntas foi a seguinte:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición e criterios de avaliación e cualificación)?* Valoración 4.38 sobre 5 (4.00 no curso 18/19, 5.00 no 19/20 e 4.33 no 20/21).
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG?* Valoración 4.50 sobre 5 (5.00 no curso 18/19, 5.00 no 19/20 e 3.67 no 20/21).

Con carácter xeral considérase que a valoración é moi boa, polo que se seguirá traballando na mesma liña.

Con carácter xeral tamén se marca como obxectivo aumentar a participación das persoas egresadas na enquisa. Por este motivo informárase da enquisa e das consecuencias que ten para o estudantado a recollida da valoración do desenvolvemento de TFG/TFM.

Por outra parte, na pregunta aberta do cuestionario achegáronse diversas aportacións que poden resultar moi útiles para corrixir algunhas das carencias apreciadas polo estudantado. A continuación recóllense as principais aportacións.

***Ítem 2. No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara.***

Das respostas recibidas recibíronse 6 do GEE e 2 do GERME (un total de 8 respostas). As respostas pódense clasificar por os seguintes temas e contidos. Agrúpanse as respostas dos dous graos, dado que a información recibida é a mesma para os dous graos.

- Información limitada de prazos e procedemento administrativo (6 respostas)
- Información limitada sobre a asignación de temáticas e persoas titoras (4 respostas)
- Temática non coherente coa titulación (1 resposta)
- Limitada información sobre a rúbrica de avaliación (2 respostas)

Aínda que as respostas abertas constitúen unha porcentaxe pequena (21%) respecto ás persoas que realizan a enquisa dos dous graos do centro, a baixa valoración do ítem 1 para os dous graos xustifica ter en conta estes comentarios e valorar reforzar as canles de información sobre o procedemento ao estudantado de TFG.

Pódese concluír que, en relación á valoración do TFG, a labor de titorización lévase a cabo axeitadamente e que é pertinente valorar o procedemento habilitado para a





información do desenvolvemento de TFG. En relación ao desenvolvemento do TFM conclúese que tanto a labor de titorización como información do desenvolvemento desenvólvese de forma axeitada.

Tamén se conclúe que sería convinte aumentar a participación na enquisa. Cabe indicar que se trata dunha enquisa nova e polo tanto o estudantado non está familiarizado con ela.